



Plan Proxecta: *Por 365 días de respecto e igualdade.*

Obradoiro: Violencia de xénero e o novo contexto dixital

Dentro do **Plan Proxecta 2020-2021: Por 365 días de respecto e igualdade** organizamos un obradoiro ***Violencia de Xénero e o novo contexto dixital*** financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade.

Foi impartido pola asociación vasca Pantallas Amigas e destinada a 1º e 2º ESO, 1º BAC e o alumnado de Adultos ESA. Cada un destes obradoiro foi realizado en dúas sesións a través de videoconferencia coa ferramenta WEBEX. Tiveron lugar entre o 18 de febreiro e o 21 de abril.

Nestes obradoiros tratáronse certos conceptos como machismo, feminismo, masculinismo, sexismo, xénero, homosexual, lesbiana, homofobia, lesbofobia, micromachismo, igualdade, sexting, sexpreading, feminazi, estereotipo, patriarcado, rol de xénero, etc. termos que nalgúns casos o noso alumnado descoñecía. Tamén se explicou a diferenza entre de violencia de xénero e violencia machista, así como os mitos do amor romántico e a diferenza co romanticismo e o papel da muller nos videoxogos. En relación a este último apartado, déronse claves para detectar se un videoxogo é sexista ou non, atendendo fundamentalmente á vestimenta, a hipersexualización ou o aspecto físico no que se representan as personaxes femininas destes xogos.

Deixámosvos o cartel e algunhas fotografías de distintos momentos da charla.

Obradoiro:

"VIOLENCIA DE XÉNERO E O NOVO CONTEXTO DIXITAL"

18 e 25 de febreiro

xoves

2°ESO A ás 11:45h

2°ESO B ás 12:35h

1°ESO A ás 13:25h



Plan Proxecla:
Por 365 días de respecto e igualdade




Foto: Patricia López

19 e 26 febreiro

venres

1°ESO B ás 08:45h

1°ESO C ás 09:35h

1°BAC B ás 12:35h

1°BAC A ás 13:25h



23-24 febreiro

martes e mércores

2°ESO C ás 11:45h

21 abril

mércores

ESA ás 18:00h

